2017

Tempo de Mulleres
Mulleres no Tempo
Creadoras de Cambios Sociais

Elabora e Edita: Organización de Mujeres de STES intersindical | o.mujeres@stes.es
Colaboran: Mª del Mar Almeida Ossa, Roberto Alonso García, José Luis Asensio Bernardo, Carles Cabrera i Villalonga, Elisa Calatrava Martín, Evelia Deniz Naranjo, Margallida Fiol Capellà, Ana García Lema, Dana Garcías Mas, Sandra García Pecharromán, Mª Carmen Gil Robles, Mª Luz González Rodríguez, Fina Lucerga Nieto, Ana Rio Moya, Inmaculada Ortells Rodríguez, Pia Ounteiriño Calle, Rosa Peña Barceló, Sandra Serra Teruel, Elisa Simón Mateo, Margarita Trasancos Bimendi, Dolores Verde Trujillo.
Ilustracións e deseno gráfico: Rocío Bueno | Contacto: rocolour@gmail.com | Rocolour | (@rocolour)
Deseno gráfico e maquetación: Mario Padilla. Área de Publicaciones de Confederación Intersindical | publicaciones@intersindical.es
Depósito Legal AL-1975-2016 | Publicación de difusión gratuita | Tirada: 30.000 exemplares
Esta publicación pódese copiar e reproducir libremente, respectando os créditos e atribucións das imaxes e a autoría da obra a no seu conxunto.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
Asemblea de Mulleres
STEG

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
Asemblea de Mulleres
STEG

ACTIVIDADES PROPOSTAS nas ÚLTIMAS PAXINAS

Tempo de Mulleres
Mulleres no Tempo
Creadoras de Cambios Sociais
2017

Abolicionistas da escravitude

Frances Wright

«A igualdade é a alma da liberdade; de feito, non hai liberdade sen ela».

Frances Wright

Faustina Sáez de Melgar
(Madrid)

«A xove dotada de sensibilidade, que ao saír da infancia sentira no seu peito o lume da inspiración, alzaría moi alta a súa voz se en vez do ridículo e do sarcasmo encontrase emulación e louvanzas prodigadas sinceramente por propios e alleos».

Faustina Sáez de Melgar

«Todo gran cambio comeza cun soñador».

Harriet Tubman

Harriet Tubman

Xaneiro 2017

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
						1 1996 Donna Haraway, bióloga e filósofa feminista publica "Ciencia, Cyborgs e Mulleres".
2 2003 Pasamento de Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa.	**3** 1972 Falece Elisabeth Schiemann, xenetista e botánica que se opuxo ao nazismo.	**4** 1990 Sae por 1º ano a Axenda Feminista Galega, que edita Mulleres Nacionalistas Galegas.	**5** 1902 Nace en Viveiro Maruxa Mallo, pintora surrealista autora de "Sorpresa do trigo".	**6** 1991 Cristina Fdz. Piñeiro, primeira muller árbitra de balonmán, ascende á categoría internacional.	**7** 1355 Inés de Castro, executada en Portugal por razón de Estado reinará despois de morta.	**8** Ás nenas vítimas do infanticidio. En Asia "faltan" 100 millóns de nenas.
9 1999 Nace como muller Laura Bugallo, presidenta de Trans-Galiza. Primeira transexual legalmente recoñecida en Galiza.	**10** 1983 Publícase o 1º número de ANDAINA, revista galega de pensamento feminista.	**11** 1980 Pasamento de Celia Sánchez Manduley, figura mítica da revolución cubana.	**12** 1976 Falece Agatha Christie, escritora inglesa de novelas de suspense.	**13** 1916 No Iucatán, México, iníciase o I Congreso Feminista Nacional.	**14** 1918 Nace Rosa Laviña, militou no exilio en Solidaridad Internacional Antifascista.	**15** 1919 Morre asasinada Rosa Luxemburgo, revolucionaria, fundadora do Partido Comunista Alemán.
16 1932 Nace Dian Fossey, zoologa especializada en gorilas.	**17** 1911 Nace en Cambados Nieves Fariza Alonso, mestra e laborista coñecida como "A Pasionaria Branca".	**18** 1937 é fusilada no Castelo de San Felipe Amada García, mugardesa militante do PCE.	**19** 1966 Indira Gandhi é elixida Primeira Ministra da India.	**20** 1758 Nace Marie-Anne Paulze (Madame Lavoisier), nai da química moderna.	**21** 1790 A Asemblea Nacional Francesa proclama a igualdade ante a lei excluíndo as mulleres.	**22** 1952 Nace Amparo Cano García. Catedrática de Bioquímica. Investigación no cancro.
23 1622 María Soliño é sentenciada a morte por meiga, en Cangas do Morrazo.	**24** 1889 Nace Marjory Stephenson, investigadora do metabolismo bacteriano.	**25** 1882 Nace Virxinia Wolf, escritora inglesa e feminista. "Un cuarto de seu".	**26** A Margarita Ledo, Patricia Ferreira, Iciar Bollaín, Isabel Coixet, G. Querejeta... cineastas.	**27** A Tereixa Navaza, C. Sarmiento, Lola Álvarez, Montse Boix..., e máis xornalistas comprometidas.	**28** 1873 Nace a escritora Colette. Parte da súa obra publicouse co nome do seu home.	**29** 1997 Lotta Kronlidy inutiliza compoñentes armamentísticos dunha fábrica inglesa.
30 1901 Nace Jimena Menéndez Pidal, mestra defensora da coeducación.	**31** 1820 Nace Concepción Arenal, escritora galega, xornalista e experta en Dereito.					

Creadoras de Cambios Sociais

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Sufraxistas

«Denegarlles ás mulleres a igualdade de dereitos en función do sexo é negar xustiza á metade da poboación».

Bertha Lutz

«A Biblia e a Igrexa foron o maior obstáculo no camiño da emancipación das mulleres».

Elizabeth Cady Stanton

«[As mulleres] non debemos querer nin pedestais nin cadeas: xustiza e máis nada».

Amalia Carvia Bernal



Febreiro 2017

Creadoras de Cambios Sociais

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1 1873 Morre Gertrudis Gómez de Avellaneda. Escritora e loitadora contra a escravitude.	**2** 1813 A Asemblea Xeral declara libres a fillas/os de escravas do Río da Prata.	**3** 1980 Gro Harlem Brundland, 1ª Ministra Norueguesa, escolle un Consello de 8 mulleres.	**4** 1921 Nace Betty Friedan. Psicóloga feminista. Fundou NOW. "A mística da feminidade".	**5** A Almudena Grandes, escritora comprometida que visibiliza as mulleres.
6 1918 Institúese o voto das mulleres no Reino Unido.	**7** 1849 Nace Mercedes Cabello de Carbonera, iniciadora da novela moderna no Perú.	**8** 1958 Nace Marina da Silva. Loitadora Sindicalista e Ministra do Medio Ambiente no Brasil.	**9** 1978 Carmen Conde, escritora, converteuse na 1ª muller da Real Academia Española.	**10** 1891 Falece Sofía Kovalevskaya. Matemática. "Rotación do sólido ríxido".	**11** 1596 A galega Isabel Barreto conclúe en Manila a 1ª expedición dirixida por unha muller.	**12** 1921 Nace Asunción Linares, 1ª muller catedrática nunha facultade de Ciencias.
13 1917 Margar. Gertrudis Zelle, "Mata-Hari"-espía holandesa- é detida nun hotel de París.	**14** 1902 Fúndase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino.	**15** 1992 Mª Elena Moyano, loitadora social peruana é asasinada por Sendero Luminoso.	**16** 415 Hipatia de Alexandría, matemática e inventora,é asasinada por cristiáns.	**17** 1905 Nace Rozsa Peter, matemática fundadora da Teoría Recorrente da Función.	**18** 1934 Noruega. As mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa.	**19** 1941 Nace Elfrida Andrée, organista e compositora sueca.
20 1914 Nace en Porto Rico Julia de Burgos, poeta. Premios de literatura e xornalismo.	**21** 1942 Nace Margarethe von Trotta, actriz, guionista e realizadora.	**22** 1931 Pasamento de Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá.	**23** 2001 A C.P.I. dita a 1ª Sentenza por violación sexual. Crime contra a humanidade.	**24** A Antonina Rodrigo, por visibilizar a mulleres silenciadas e esquecidas.	**25** 1905 Pasamento en Marsella da grande revolucionaria Louise Michel, aos 72 anos.	**26** 1971 Nace Erykah Badu, cantante negra norteamericana.
27 1904 Nace en Ávila Mª Pilar Losada, 1ª muller piloto do estado español.	**28** 2012 Mª Xosé Agra, filósofa feminista, publica a súa obra "Crítica feminista al psicoanálisis y a la filosofía".					

Febreiro

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Pro dereitos civís

Amanda Labarca

«Que nos brinden a todos xustiza, liberdade, democracia e benestar e que lle permitan á muller laborar de igual a igual que có home».

Amanda Labarca

«Hai un feito incontestábel e é que as relacións sociais de xénero, como son socialmente construídas, son transformábeis».

Lola Frutos Balibrea

Aminetu Haidar
(Sáhara)

«A miña dignidade está por riba dos meus fillos e por riba de todos».

Aminetu Haidar

Marzo 2017
Creadoras de Cambios Sociais

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1 1692 Comeza o famoso xuízo ás bruxas de Salem.	2 1816 Juana Azurduy de Padilla, heroína boliviana, derrota as tropas españolas.	3 1880 Nace María Barbeito na Coruña. Pedagoga, socióloga, educadora e escritora.	4 1744 Nace Marianne von Martínez, cantante e virtuosa pianista. Académica de Música de Bolonia.	5 1703 Falece Gabrielle Suchon, filósofa francesa. "Tratado da moral e da política".
6 1994 Morre Melina Mercuri, actriz e política grega. Ministra de cultura en 1981.	7 1920 Julieta Lanteri preséntase polo Partido Feminista Nacional na Arxentina.	8 DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES	9 1888 Nace Enriqueta García Infanzón, "Eugenia Astur", escritora Asturiana.	10 *"A solidariedade debe unir todas as mulleres, desde a señora até a obreira"*. Mª Vinyals	11 1881 Nace Gloria Torner. As súas obras figuran no Museo Español de Arte Contemporánea.	12 1945 Morte de Ana Frank, asasinada polos nazis en Auswitch.
13 1900 As Cortes Españolas aproban a lei que regula o traballo de mulleres e crianzas.	14 1884 Nace Matilde de la Torre, elixida en 1933 e 1936 deputada polo P.S.	15 Nieves Gª Benito e outras persoas, loitan contra a morte no Estreito de Xibraltar.	16 1940 Pasamento de Selma Lagerlof, 1ª muller Premio Nobel de Literatura.	17 1956 Morre Irene Joliot-Curie. Premio Nobel de Química.	18 1996 Morre Niní Marshall, actriz cómica arxentina.	19 1954 C. Eufemia, loitou polos dereitos das mulleres e dos Sen Terra do Brasil.
20 1981 Vén de publicarse A SAIA revista do Colectivo Independente Galego.	21 1982 Encadéanse 150 mulleres na base aérea inglesa de Greenham Common.	22 1995 O MEC diferenza o uso de masculino e feminino nos títulos oficiais.	23 1882 Nace Emmy Noether. Matemática. Teoría de Aneis. Teorema de Noether.	24 1908 Emmeline Pankhurst, sufraxista británica, esixe o dereito ao voto feminino.	25 1942 Nace Aretha Franklin, cantante.	26 1930 Nace Sandra Day O'Connor, 1ª muller xuíza na Corte Suprema estadounidense.
27 1905 Nace Carlota O´Neill, escritora republicana."Unha muller na guerra de España".	28 1895 Nace en Villamanín (León) Ángela Ruiz Robles, mestra, escritora e inventora española que traballou sempre en Galiza, precursora do libro electrónico.	29 A Victoria Sau, por enriquecer o pensamento e a solidariedade feministas.	30 1900 Nace María Moliner, lingüista do Dicionario da L. Española que leva o seu nome.	31 2016 Morre en Miami a los 65 años Zaha Hadid, prestixiosa arquitecta anglo iraquí, estrela da arquitectura mundial.		

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Pacifistas



«Trunfaron as sufraxistas, que teñen a satisfacción de colaboraren cos homes no labor común do que non pode ser excluída a muller, labor común aos dous sexos: a Patria».

Sofía Pérez Casanova

«Quédanos moito, moito por percorrer. Así que presa por este camiño, o camiño da tenrura e a xenerosidade humanas. Ás apalpadas, poida que as nosas mans se encontren na escuridade».

Emily Greene Balch

«Na guerra e no conflito as mulleres son as primeiras en sufrir esa violencia, así que, como podes deixa-las fóra?».

Leymah Gbowee

Abril 2017

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1 1776 Nace Sophie Germain, célebre pola súa Teoría das superficies elásticas.	2 1982 Comeza a funcionar en Franza a Axencia de Mulleres da Información.
3 1934 Nace Jane Goodall. Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica.	4 1785 Nace Bettina Brentano, escritora alemá.	5 2011 Aurora Marco. Profesora e escritora, publica a súa obra sobre as represaliadas na Guerra Civil "Mulleres na guerrilla antifranquista galega".	6 1895 Nace Maria Miramontes, integrante da Xunta Directiva das Irmandades da Fala.	7 2006 Ás afrogalegas de Batuko Tabanka,nexo entre dúas culturas.	8 1898 Nace Teresa Neumann, mística alemá.	9 1972 Nace Margalida Fullana Riera, en Mallorca. Campioa do mundo de mountain bike.
10 1934 Morre Cecilia Grierson, primeira médica arxentina, hixienista e educadora.	11 1991 Morre Syria Poletti, novelista, contadora e autora de libros infantís.	12 1933 Nace Montserrat Caballé, soprano catalá.	13 1867 Nace en Palma de Mallorca Pilar Montaner e Maturana. Pintora.	14 1986 Morre Simone de Beauvoir, feminista, escritora e filósofa, autora de "O Segundo Sexo".	15 1764 Morre en Versalles a marquesa de Pompadour, mecenas da arte.	16 1989 Lidia Senra é elexida Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.
17 2004 Mª Teresa Fernández de la Vega. 1ª muller Vicepresidenta do Goberno do Estado Español.	18 1480 Nace en Roma a mecenas Lucrecia Borgia.	19 1923 Nace Antía Cal. Funda o centro Rosalía de Castro, vangarda da renovación pedagóxica.	20 1982 Masacre de mulleres labregas en "El Petén", Guatemala.	21 1310 Foi queimada viva Margarita Poret, mística e escritora francesa.	22 1904 Nace María Zambrano, filósofa e poeta. Premio Príncipe de Asturias.	23 "Escolle ben: un libro sexista, non ten calidade" Instituto da Muller.
24 1953 Descóbrese a estrutura do ADN. Ignóranse as aportacións de Rosalind Franklin.	25 1974 Ás mulleres portuguesas que coa súa rebeldía acabaron coa ditadura salazarista.	26	27 1947 Nace a cantante Maria del Mar Bonet. Representante da Nova Cançó.	28 2006 Pasamento de M.José Urruzola, fundadora do Partido Feminista e a Revista Lambroa.	29 1936 Nace Alejandra Pizarnik, figura representativa da poesía de fala hispana.	30 1977 Nace "Madres de la Plaza de Mayo" en plena ditadura Arxentina.

Creadoras de Cambios Sociais

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Políticas



Creadoras de Cambios Sociais

Maio 2017

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1 PRIMEIRO DE MAIO 1935 créase "La Reivindicadora", sindicato de mulleres da conserva de Aldán, Cangas e Hío.	2 1975 A lei 14/75 modifica a situación xurídica das mulleres casadas.	3 Ás mulleres lapidadas, acusadas de delitos dos que elas eran as vítimas.	4 1992 Nais de soldados serbios esixen o retorno dos seus fillos da frente.	5 1589 María Pita defende a cidade da Coruña sitiada por Drake e a armada inglesa.	6 1991 Pasamento de Marlene Dietrich, actriz alemá.	7 1748 Nace Olimpia de Gouges, autora de "Os dereitos da muller e da cidadá".
8 1919 Nace en Castelló Matilde Salvador Segarra, compositora e pianista.	9 1977 Olivia Posse, ferida pola Garda Civil ao se opor á extracción de area en Baldaio.	10 1780 Nace Angelica Catalani, soprano italiana.	11 1960 Sae ao mercado a primeira píldora anticonceptiva.	12 1910 Nace Dorothy Hodgkin. Premio Nobel de Química (1964).	13 1260 María Balteira, a máis afoutada das soldadeiras pero quizá tamén a máis aldraxada.	14 1847 Falece Fanny Hensel Mendelssohn, compositora alemá.
15 1926 Celébrase o X Congreso da Alianza Internacional para o voto das mulleres.	16 1718 Nace Mª Gaetana Agnesi, matemática. Estudos sobre tanxentes a curvas.	17 DÍA DAS LETRAS GALEGAS 1863 Rosalía de Castro publica "Cantares Gallegos".	18 1944 Nace Celia Amorós, teórica feminista. "Cara a unha crítica da razón patriarcal".	19 1995 Falece Concha Espina, escritora santanderina candidata ao Premio Nobel.	20 1896 Pasamento de Clara Schumann, compositora e concertista austríaca.	21 1944 Nace Mary Robinson. Presidenta da Rep. de Irlanda e defensora dos DDHH.
22 1851 Nace Concepción Saíz Otero, escritora e pedagoga compostelá, "a mestra de todas".	23 2004 Marcha Mundial das Mulleres Europeas en Vigo "Contra a Pobreza e a Violencia".	24 DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES POLA PAZ E O DESARME	25 Día da "Tripla Deusa", Nai de todos os deuses irlandeses.	26 1999 Chus Lago, primeira muller en culminar a cima do Everest sen axudade de osíxeno.	27 2004 Ingresa a primeira muller na Academia de Farmacia de Galiza: a Doutora Tarsy Carballas.	28 1917 O Parlamento británico aproba a Lei de Sufraxio Feminino. **Día Internacional de Acción pola Saúde das Mulleres**
29 1934 Nace Nancy Cárdenas, escritora mexicana.	30 1895 Nacen Elisa e Jimena Fdez. de la Vega, primeiras alumnas da USC. Acuden escoltadas ás clases.	31 Nace Mercedes Brea, impulsora dos estudos e da difusión do cancioneiro medieval galego.				

Maio

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Pro dereitos laborais



«Persoalmente coido que se unha muller fai o mesmo tipo de traballo que un home, debe ter dereito á igualdade de remuneración».

Rose Boland

«O pobo, á calor da liberdade, é atropelado polos poderosos».

Benita Galeana Lacunza

«(...) onde hai unha muller obreira, campesiña, unha muller explotada, en suma, hai unha irmá para min, e máxime cando, coma ti, sente ansia de liberación».

Aurora Picornell Femenies

Creadoras de Cambios Sociais

Xuño 2017

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1 1843 Aparece La Unión Obrera, de Flora Tristán, socialista e feminista.	2 1923 Nace a escultora alemá Meier Denninghoff.	3 1906 Nace Josephin Baker, cantante e bailarina. Loitou contra o racismo e os nazis.	4 1745 Nace Xosefa Xovellanos, 1ª escritora coñecida en Llingua Asturiana.
5 A Mercedes Nuñez, comunista luguesa. Sobrevive aos cárceres franquistas e a un campo de concentración.	6 1430 Nace Isabel de Villena. Na súa obra literaria defende a dignidade das mulleres.	7 1876 Falece Aurore Dupin, "George Sand", novelista francesa.	8 1903 Nace Marguerite Yourcenar, escritora, 1ª muller da Academia Francesa. "Alexis"	9 1998 Sete mulleres son galardoadas co Premio Príncipe de Asturias de Cooperación.	10 1989 Arantxa Sánchez Vicario gaña o torneo Roland Garros.	11 2012 Mª Xosé Silvar (Ses), Cantautora galega, publica o seu 2º álbum consolidándose como artista revelación da escena musical galega.
12 2007 Teresa Moure, escritora galega consegue o XIII premio de teatro Rafael Dieste coa súa obra "Unha primavera para Aldara".	13 1900 Nace Mª Grubeshieva, escritora. Congreso Internacional de Escritores Antifascistas.	14 2012 Isabel Vilalba, gandeira e sindicalista galega, é elixida Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.	15 1990 As traballadoras da empresa IKE en Asturias inician un peche que durará catro anos.	16 1963 Valentina Treshkova, 1ª muller astronauta, orbitou a Terra en 48 ocasións.	17 1873 Nace Rosa Sensat Vilá. Mestra republicana defensora da Escola Nova.	18 1386 Mª Castaña confesa encabezar a revolta contra o bispo de Lugo por tributos abusivos.
19 1945 Nace Aung San Kyi. Funda a Liga Nacional para a Democracia Birmana. Nobel da Paz.	20 1933 Morre Clara Zetkin, destacada líder histórica da socialdemocracia alemá.	21 Día Nacional en El Salvador por unha Educación non sexista.	22 1926 Nace Marta Mata i Garriga. Presidenta do Consello Escolar do estado ata 2006.	23 1962 Jacqueline Auriol, aviadora, bate o record do mundo feminino de velocidade.	24 1927 Margarita Xirgú estrea en Barcelona "Mariana Pineda" de García Lorca.	25 1870 A Raíña Isabel II abdica do trono español.
26 1892 Nace Pearl S. Buck, escritora estadounidense. Nobel de Literatura en 1938.	27 1729 Morre Elisabeth C. Jacquet, compositora francesa alcumada "marabilla do século".	28 Día Internacional do Orgullo de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais (LGTB).	29 1980 Vigdis Finnbogadottir é elixida Presidenta de Islandia.	30 2005 O Congreso aproba a "Lei de Reforma do Código Civil" que permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.		

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
Asemblea de Mulleres
STEG

Activismo Ambiental

«Espertemos, espertemos Humanidade, xa non queda tempo! As nosas conciencias serán sacudidas polo feito de estarmos soamente contemplando a autodestrución baseada na depredación capitalista, racista e patriarcal».

Berta Cáceres Flores

«Todos queren volver á natureza mais ningún quere facelo a pé».

Petra Karin Kelly

«Se non fose polas ideas, non estariamos agora onde estamos en materia de tecnoloxía, medicina, arte, cultura, mesmo no noso estilo de vida».

Maya Penn

Creadoras de Cambios Sociais

Xullo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1 1984 Inaugúrase en Pamplona a 1ª casa de acollida de mulleres maltratadas do E.E.	**2** 1931 Clara Campoamor e Victoria Kent son acreditadas como Deputadas na II República.
3 1986 Alecrín crea a Biblioteca e Centro de Documentación para Mulleres en Vigo.	**4** 1934 Morre Marie Curie, científica polaca. Nobel de Física (1903) e de Química (1911).	**5** 1896 Nace Margarita Nelken, parlamentaria feminista durante a II República.	**6** 1907 Nace Frida Kahlo, pintora e intelectual mexicana.	**7** 1981 Sandra Day O'Connor, primeira muller en integrar a Corte Suprema dos Estados Unidos.	**8** 2013 Uxía Senlle, cantante galega, celebra os seus 25 anos de traxectoria musical.	**9** 1935 Nace Mercedes Sosa. Cantautora arxentina, defensora dos DD.HH.
10 1995 AAaung San Suu Kyi, é liberada após seis anos na cadea. Nobel da Paz.	**11** 2003 2ª Cimeira da Unión Africana. Protocolo dos Dereitos da Muller en África.	**12** 1907 Nace Isabel Ríos. Organiza a 1ª célula comunista de Curtis. Condeada a cadea perpetua na guerra.	**13** 1993 Carmen Alborch é nomeada Ministra de Cultura. "Solas, Malas y Libres".	**14** s. II Eufemia e Mariña, mulleres galaicas torturadas e mortas. Santas para a Igrexa.	**15** 1985 Inaugúrase en Nairobi a "III Conferencia Internacional sobre a Muller".	**16** 2004 A Lei Galega de Igualdade, recoñece a cotitularidade das explotacións agrarias.
17 1906 Nace en Lugo a pintora Xulia Minguillón, Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes.	**18** 1936 María Quiroga, Rosa Alonso, Dolores Molde, Lola Viéitez...bótanse ó monte.	**19** 1927 Nace en Oleiros Mª J. Wonenburguer, 1ª muller en España en obter unha bolsa Fullbright.	**20** 1977 Victoria Ocampo, 1ª muller en facer parte da Academia de Letras Arxentinas.	**21** 1960 Sirimavo Bandaranaike convértese na 1ª muller Primeira Ministra en Ceilán.	**22** 1983 Primeiro nº da FESTA DA PALABRA SILENCIADA, revista feminista das letras e artes.	**23** 2000 Morre Carmen Martín Gaite, novelista. Príncipe de Asturias das Letras.
24 1897 Nace Amelia Earhart. 1ª muller en voar o Atlántico soa. Bate varios récords.	**25** Máis de 200 mulleres formaron parte das Irmandades da Fala entre 1916 e 1936.	**26** 1926 Nace Ana María Matute. Escritora académica da RAE.	**27** 1994 Pasamento de Rosa Chacel, escritora castelá.	**28** 1917 Nace Gloria Fuertes. "Me gustaría tener una amiga que se llame Tenta y estar siempre conTenta".	**29** 1931 O Ateneo Feminino inaugura en Buenos Aires a 1ª Exposición de libros de mulleres.	**30** 1818 Nace Emily Brontë, célebre literata inglesa. "Wuthering Heights".
31 1980 Conclúe a "II Conferencia Mundial sobre a Muller".						

Xullo2017

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Pro dereitos sexuais e reprodutivos

«A loita feminista "non era contra os homes, senón contra o sistema opresivo e discriminatorio que converte a todas as mulleres en seres inferiores a todos os homes».

Esperanza Brito de Martí

«A metade das mulleres son escravas e a mutilación xenital é parte desa escravitude».

Efua Dorkenoo

«Somos pacíficas, non violentas, mais somos 'soldados', aínda que vaiamos sen armas que disparen. O noso corpo é a nosa arma política».

Lara Alcázar Miranda

Creadoras de Cambios Sociais

Agosto 2017

Luns	Martes	Mércoles	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
	1 1902 Nace Lola Iturbe, sindicalista libertaria, correspondente de guerra e escritora.	2 1942 Nace Isabel Allende. Escritora chilena. "Cuentos de Eva Luna".	3 1916 Nace Adelita del Campo, bailarina e actriz. "Organización de Mujeres Libres".	4 1948 Falece Mileva Maric, matemática.	5 1939 Foron fusiladas en Madrid 13 adolescentes, "as trece rosas", das J.S.U.	6 1949 Nace en Mallorca, Margalida Mora Rosselló, campioa de España de Tiro Olímpico.
7 s.IV Ágape, mestra e compañeira de Prisciliano, fundadora da seita das agapetas.	8 1857 Nace Cécile haminade, pianista e compositora francesa.	9 1897 Nace Marta Brunet, escritora chilena representante da narrativa crioulista.	10 1904 Nace Norma Sheare, actriz canadiana.	11 1972 Joane Somarriba,Triple Campioa do Tour, dobre gañadora do Giro e do Mundo de contrarreloxo.	12 1914 Amnistía para as sufraxistas inglesas encadeadas por defender o dereito ao voto.	13 1934 Nace Maria Cascales. Bioquímica. 1ª Muller da Real Academia de Farmacia.
14 1960 Nace Sarah Brightman, soprano británica.	15 1896 Nace Gerty Cori, Nobel de Fisiología. Estudos sobre fosforilación de azúcares.	16 1944 Nace Soledad Becerril, 1ª muller ministra da democracia española.	17 1993 Susan Sontag, Príncipe de Asturias, monta en Saraxevo, "En attendant Godot".	18 1920 Recoñéceselles ás mulleres o dereito ao voto nos EUA.	19 1936 Juana Capdeville e María Vázquez son fusiladas en Rábade e Pontedeume, respectivamente.	20 1900 Nace en Cuba, Rita Montaner, unha das máis grandes cantantes cubanas.
21 2011 Mª del Mar Llinares, profesora de Prehistoria e escritora, publica a súa obra "Historia das mulleres en Galicia. Prehistoria e Historia Antiga".	22 1947 Nace Rosa Pereda, escritora santanderina. Escribe "O triángulo amoroso: de sexo, sexo ou traizón".	23 1909 Chega a Melilla Carmen de Burgos "Colombine", 1ª muller corresponsal de guerra.	24 1781 Último Auto de Fe da Inquisición Sevillana. Condena a morte á "a beata cega".	25 1995 "O contradiscurso das mulleres" de Carme Blanco, 1ª hria. en galego do Feminismo.	26 1898 Nace Peggy Guggenheim, coleccionista e galerista de arte.	27 1932 Nace Antonia Fraser, historiadora e escritora inglesa.
28 1981 Iníciase a marcha de mulleres contra a OTAN en Greeham Canmon. Durou 13 anos.	29 1873 Nace en Madrid Mª Goyri, pedagoga e escritora feminista. 2ª muller licenciada.	30 1797 Nace Mary Shelley, escritora inglesa autora do clásico Frankenstein.	31 1936 Mercedes Romero, mestra socialista na Coruña, é detida, torturada, violada e fusilada aos 23 anos.			

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Pro Educación

«A educación é un poder para as mulleres, e por iso é que os terroristas lle teñen medo á educación. Eles non queren que unha muller se eduque porque entón esa muller será máis poderosa».

Malala Yousafran

«A elaboración dun modelo coeducativo debería considerar aspectos como construír un modelo de persoa que transcenda e vaia alén dos tradicionais presupostos sobre o xénero».

Carmen García Colmenares

«A primeira vez que tomei a palabra no hemiciclo dirixinme ás mulleres para dicirlles que estaba alí para defender os seus intereses».

Guillermina Medrano Aranda



Setembro 2017

Creadoras de Cambios Sociais

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1 2002 Á palista galega Teresa Portela, Medalla de Ouro no Mundial de Sevilla.	2 1838 Nace Lydia Liliuokalani, derradeira raíña de Hawai.	3 1992 Morre Bárbara McClintock. Nobel de Fisioloxía e Medicina. "Xenes intercambiábeis".
4 1995 Iníciase en Beijing -China-, a 4ª Conferencia Mundial sobre a Muller.	5 Día da Muller Indíxena. Aniversario do asasinato de Bertolina Sisa.	6 1921 Nace Carmen Laforet, 1º Premio Nadal pola súa novela "Nada" (1945).	7 1955 Promúlgase no Perú a Lei do Sufraxio Feminino.	8 1990 Gabriela Sabatini gaña o US Open, o seu primeiro título de Grand Slam.	9 1908 Nace Aurora Reyes. 1ª muller muralista mexicana. Sindicalista e sufraxista.	10 1990 Publícase "Textos y espacios de mujeres", de Mª Milagros Rivera Garretas.
11 1997 Pasamento de Ana Ros Miragall, mestra, escritora, sindicalista e feminista.	12 1991 Tres mulleres crean a editorial Horas e Horas.	13 1988 Morre Mª Teresa León, escritora republicana omprometida contra a guerra.	14 1927 Morre Isadora Duncan, renovou o ballet clásico. Precursora da danza moderna.	15 1945 Nace Carmen Maura, actriz.	16 1851 Nace na Coruña, Emilia Pardo Bazán, escritora, xornalista e corresponsal.	17 2000 "Isué" de Mercedes Peón, mellor disco do ano segundo Koldworld.
18 1905 Nace Greta Garbo, actriz. "A tentadora" (1926), "O Demo e a Carne" (1927).	19 1977 Constitúese a Asociación de Mulleres nicaragüanas "Luisa Amanda Espinoza".	20 1980 Mª Xosé Queizán publica "Recuperemos as mans".	21 1916 Nace Françoise Giroud. Primeira Ministra francesa de Asuntos da Muller.	22 1960 Falece Melanie Klein, unha das máis importantes psicoanalistas do século XX.	23 Día Internacional contra a Explotación Sexual, trátaa e o Tráfico de Mulleres e Menores con fins de Explotación Sexual.	24 1985 1ª volta ao mundo en bicicleta dada por unha muller. Durou 15 meses.
25 1896 Nace Elsa Triolet, escritora rusa. Exiliada antizarista.	26 1981 Nace Serena Williams, tenista estadounidense. Campioa de Winblendon 2003.	27 1871 Nace Grazia Deledda, escritora italiana. Nobel de Literatura (1926).	28 2011 Ofelia Rey Castelao, historiadora, escritora e profesora universitaria galega, consegue o premio María Josefa Wonenburg de Investigación.	29 En todo o ano, "Mulleres de Negro" denuncian os crimes de guerra contra as mulleres.	30 1980 Nace Martina Hingis, tenista suíza nacida en Eslovaquia. Varios anos nº1 do Ranking Mundial Feminino.	

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Defensa da identidade sexual



«As mulleres somos inmigrantes no sistema patriarcal; os gais e as lésbicas, no sistema heteropatriarcal. Máis se es trans lésbica, algo que a xente non entende. Somos inmigrantes tamén no sistema colonizador español ou no sistema capitalista».

Laura Burgalho Sánchez

«O odio segue sendo o prezo que paga o mundo pola liberdade das persoas. Cantos corazóns de persoas boas, de pais e nais, rotos de dor! Un arco-da-vella de enerxía para todas elas».

Celia Juan Abenoza

«Teoría Queer "Lesbiana" non alude a unha muller individual cunha "preferencia sexual" particular ou un suxeito social cunha prioridade simplemente "política", senón a un suxeto excéntrico, constituído nun proceso de loita e de interpretación, de rescrita do propio ser, en relación a unha nova comprensión da comunidade, da historia e da cultura» *(Sujetos excéntricos: la teoría feminista y la conciencia histórica).*

Teresa de Lauretis

Outubro 2017

Creadoras de consensos sociais

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
						1 1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino.
2 381-385 Exeria de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina.	**3** 1916 nace en Ferrol Mª de los Ángeles Alvariño, pioneira na oceanografía en España.	**4** 1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida coa paz e os DD.HH.	**5** 1789 Na Revolución Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles.	**6** 1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista.	**7** A Maria Mariño por "Palabra no Tempo" e "Verba que comeza".	**8** 2004 Wangari Maathai, ministra keniata, recibe o Nobel da Paz.
9 1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana.	**10** 1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto.	DÍA INTERNACIONAL DA NENA **11** 2008 Uxía Pedreira, cantautora galega, crea e dirixe o Centro de Música Popular de Galicia.	**12** 1942 Falece no exilio Amparo López Jean, integrante da Executiva do Partido Galeguista en 1936.	Conmemórase anualmente o Ada Lovelace Day, celebración internacional dos logros das mulleres na ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas. **13** s.XVIII Mª Teresa Caamaño e Mª Fca Isla, ilustradas galegas. A súa obra foi queimada.	**14** 1906 Nace Hannah Arendt, filósofa alemá e grande intelectual do século XX.	Día Mundial da Muller Rural **15** 1888 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas da muller.
DÍA das ESCRITORAS **16** 1992 Rigoberta Menchú, líder indixenista guatemalteca. Nobel da Paz.	**17** 1978 Inaugúrase a Libraría de Mulleres de Madrid.	**18** 1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Enseñanza.	**19** 1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró.	**20** 1793 Durante a Revolución Francesa, o goberno disolve os Clubes Femininos.	**21** "O persoal é político", Kate Millet.	**22** 1961Nace Belén Feliu na Coruña. Escritora e colaboradora da revista A Festa da Palabra Silenciada.
23 1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora, participou en Acción Feminista Dominicana.	**24** 1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller.	**25** 1938 Morre a poeta/poetisa Alfonsina Storni. Te vas Alfonsina con tu soledad. ¿Qué poemas nuevos fuiste a buscar?.	**26** 1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba.	**27** 1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear.	**28** s. X Ilduara e Elvira Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza altomedieval.	**29** 1958 Morre Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro.
30 1989 Morre en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos dereitos civís.	**31** 1711 Nace Laura Bassi. Traduciu e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia.					

Outubro

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Contra a violencia machista

«Os medios de comunicación son un espazo de socialización e é necesaria a formación e a responsabilidade no tratamento da violencia para poder erradicala».

Cristina del Valle

«Un inimigo razoábel é mellor ca un amigo ignorante».

Fariha Al-Barqawi

«Na guerra, se queres humillar o teu rival, violas a súa muller».

Hibaaq Osman

Novembro2017

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1 2003 Morre Xela Arias, escritora e pioneira nos labores de tradución ao galego.	2 1928 Nace Luisa J. Hdez. Lavalle, novelista mexicana. Premio Nal. de CC e Artes 2002	3 1793 Olimpia de Gouges é guillotinada logo de publicar "Os Dereitos da Muller e da Cidadá".	4 1868 Nace en Valga Carolina Otero Iglesias "La Bella Otero" raíña da Belle Epoque europea.	5 1952 Nace Vandana Shiva, ecofeminista loitadora contra as sementes transxénicas.
6 1936 Federica Montseny, 1ª muller Ministra do Goberno da II República.	7 1905 50.000 obreiras desfilan en Londres contra o ministro Balfour.	8 2003 Fina Hava Rexha, a muller máis anciá de Albania e do mundo, con 123 anos.	9 1914 Nace Hedy Lamarr, actriz, inventora e enxeñeira de telecomunicacións austríaca. 1977 Rosalyn Susman Yalow recibe o Nobel de Fisioloxía e Medicina. Técnica de RIA.	10 2005 Ellen Johnson, primeira Xefa de Estado dun pais africano é escollida Pdta. de Liberia.	11 2007 A Dra. en Física Inmaculada Paz Andrade, primeira galega en recibir o Premio Maria Wonenburger.	12 1651 Nace Sor Juana Inés de la Cruz, escritora. Destacada intelectual da súa época.
13 Ás mulleres mariscadoras e ás outras que, como Rosa, viven e morren polo mar.	14 1985 Nace en Mallorca Elena Gomez Servera, campioa do mundo de Ximnasia Artística.	15 1978 Pasamento de Margaret Mead, antropóloga estudiosa das sociedades non industriais.	16 1949 Nace Amelia Valcárcel, filósofa feminista.Premio Miguel de Cervantes.	17 1878 Nace Lisa Meitner.Colaborou no descubrimento da fisión.	18 1940 Nace Margaret Atwood, a mellor escritora canadiana de lingua inglesa.	19 1933 As mulleres españolas participan por 1ª vez nunhas eleccións democráticas.
20 1941 Xulia Minguillón gaña o premio nacional de BB.AA. con "A escola de Doloriñas".	21 1922 Nace María Casares, actriz de orixe galega, exiliada despois da Guerra Civil española.	22 1922 Morre a galega Mª Victoria Casares, actriz de teatro e cine que trunfou no exilio en Francia. Filla de Santiago Casares Quiroga, Xefe de Goberno da República.	23 1961 Nace Mila Ramos, poeta e cofundadora de Mulleres en Zona de Conflitos.	24 1998 Pasamento de Maruxa Villanueva, "Raíña do alalá". Colaborou activamente a prol da República.	25 Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres	26 1892 Nace en Menorca Margarida Comas i Camps, científica e teórica da educación.
27 1922 Cándida Rodríguez,"Martir de Sobredo", é asasinada nas loitas pola abolición dos foros.	28 1895 Nace Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá.	29 1832 Nace Louisa May Alcott, escritora estadounidense. Escribe "Mulleriñas".	30 1938 Nace Margarita Salas, bióloga molecular Premio Ramón y Cajal.			

Creadoras de Cambios Sociais

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Organización de Mulleres

27 anos loitando pola Igualdade

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:

Rosa Zafra Lizcano (Castilla la Mancha), Isabel González López (Asturies), Branca Guerreiro Muñoz (Galiza), Laura Villafuerte Rodríguez (Andalucía), Alicia Poza Sebastián (Murcia), Carmen Ferrer Abellán (Castilla la Mancha), Palmira García Díaz (Asturias), Pilar Catalán Romea (Aragón), Sonia Fernández Casal (Galiza), Fermina Bardón Alvarez (Castilla y León), Francisca López García (Castilla la Mancha)

Decembro 2017

2017

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1 1563 O Concilio de Trento decreta que as mulleres "teñen alma".	2 1952 Nace Ganh Xiec Rong. Premio ao mellor filme de Vietnan en 1990.	3 2003 Premio "Toda unha Vida" á cineasta Josefina Molina.
4 2003 Morre Dulce Chacón, novelista defensora dos dereitos da muller.	5 1991 Nadine Gordimer recibe o Nobel de literatura. Denuncia o rexime racista de Sudáfrica.	6 1856 Nace Louise Catherine Breslam, pintora suíza.	7 1932 Xosefa I.Vilarelle publica "Método de Lectura", 1º manual para ensinar a ler e escribir en galego.	8 1864 Nace a escultora francesa Camille Claudel.	9 1948 Nace Gioconda Belli, escritora nicaraguana. Escribe "A muller habitada".	10 1815 Nace Ada Byron, primeira muller programadora. Creadora do primeiro programa de computación.
11 1920 Nace en Córdoba Manuela Díaz Cabezas, guerrilleira durante a guerra e a posguerra.	12 1875 Nace Mileva Malic, física e matemática.	13 1935 Nace Lidia Falcón. Escritora e fundadora do Partido Feminista.	14 1898 Nace Olimpia Valencia, 1ª galega médica. Fundadora da Academia Médico-Cirúrxica.	15 1673 Pasamento de Margaret Cavendish, filósofa e física.	16 1952 Sofía Casanova convértese en Académica de Honra da Real Academia Galega.	17 1706 Nace Madame du Châtelet. Traduciu os "Principia" de Newton ao francés.
18 1979 "*Convención sobre eliminación da discriminación contra a muller*" das Nacións Unidas.	19 1915 Nace Edith Piaf, cantante francesa alcumada "O pardal de París".	20 1959 As Nac. Unidas suscriben a "Convención sobre os Dereitos Políticos da Muller".	21 1959 Nace Florence Griffith J. Atleta. 4 medallas olímpicas nos Xogos de Seúl.	22 1962 Nace Gema Ramos, escritora, fotógrafa e realizadora de curtametraxes.	23 Pepa "a Loba" nace na Estrada no S.XIX. Vítima da "xustiza" da época, convértese en bandoleira.	24 1796 Nace Cecilia Böhl de Faber. Adoptou pseudónimo masculino para publicar a súa obra.
25 1873 Nace Rosario Vera Peñaloza, educadora e pedagoga arxentina.	26 1780 Nace en Escocia Mary Fairfax Somerville, astrónoma e científica.	27 1901 Nace Marlene Dietrich, actriz de cinema alemá.	28 1874 Nace Mª Lejárraga, feminista e escritora. A súa obra asinouna o seu home.	29 2005 Publícase no BOE a "Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero".	30 1948 Nace Adrian Donna Gaines, máis coñecida como Donna Summer.	31 Ás mulleres invisibilizadas, que contribuíron á dignidade da vida humana.

Creadoras de Cambios Sociais

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Actividades propostas

Xaneiro

Estas actividades están resumidas. A súa extensión impedía repoducirlas completas.
Actividades completas e anexos en http://www.stes.es/mujer.html

INFANTIL

"AS PERSOAS SOMOS DISTINTAS, SOMOS IGUAIS".

Con esta actividade pretendemos que o alumnado se decate de que, por riba das diferenzas físicas, culturais, sociais... todas as persoas temos os mesmos dereitos: á educación, ao alimento, a unha vivenda digna...

Ao alumnado presentámoslle unha serie de imaxes de nenas e nenos de distintos países, con distinta cor de pel, de pelo, de ollos, altos, baixos... Entre todas as persoas iremos dicindo as diferenzas que hai entre eses nenos e nenas. Ao finalizar lanzarémoslle ao alumnado a seguinte pregunta: En que somos iguais? A través dun diálogo dirixido iremos dicindo aqueles dereitos que todas as nenas e nenos teñen en común, con independencia de onde vivan ou da cor da súa pel: Dereito á educación, dereito a coidados, dereito a vivir en PAZ.

PRIMARIA

De 6 a 9 anos

"Ben ou Mal"

Presentarémoslle ao alumnado imaxes de nenas e nenos en situación de desprotección, desnutrición, sufrindo, e tamén imaxes de nenas e nenos felices.

Faremos un gran mural con papel continuo. Na parte esquerda debuxaremos unha gran cara triste e na da dereita unha cara alegre. Repartiremos as imaxes entre o alumnado. Analizaremos as imaxes, dirán que lles transmite cada unha, que senten e como se senten. O alumnado irá colocando as imaxes segundo corresponda debaixo da cara alegre ou da cara triste.

De 10 a 11 anos

Comezaremos definindo os termos "abolicionista" e "activista" e realizaremos un diálogo co alumnado sobre que sentido teñen estes termos, sobre as razóns da loita pola abolición da escravitude en América e sobre as activistas abolicionistas presentes no propio calendario.

"HARRIET TUBMAN, unha loitadora"

Leremos a biografía de Harriet Tubman, destacando aqueles episodios de loita pola liberdade das persoas escravas americanas e o seu activismo pola abolición da escravitude.

http://www.biografiasyvidas.com/biografia/t/tubman_harriet.htm

SECUNDARIA

De 12 a 14 anos

"A ESCRAVITUDE EN ESTADOS UNIDOS".

Comezaremos a actividade situando no tempo e no contexto histórico a escravitude. Para iso visionaremos o seguinte dossier con información sobre a escravitude: http://es.slideshare.net/silvimarleny/cronica-de-la-esclavitud

Actividade

Entre toda a clase desenvolverase un debate sobre as consecuencias da escravitude en Estados Unidos, como é o racismo, e sobre se na actualidade segue habendo escravitude, non como no século XVIII. Dirixirase o debate para facerlles comprender as distintas versións da escravitude do século XXI.

DE 15 A 17:

As actividades realizarémolas a partir do visionado da película "12 anos de escravitude"

Actividade

Partindo do contexto da película "12 anos de escravitude" o alumnado, por grupos de 4 ou 5 persoas, buscará información sobre:

- O papel das mulleres na película.
- Roles desempeñados polas distintas mulleres que aparecen na película, tanto libres como escravas.
- As mulleres que aparecen no calendario, para facer unha pequena biografía delas, indicando algunhas das actuacións que realizaron para erradicar a escravitude.

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Comezaremos co visionado da película "Belle", filme romántico de época baseado en feitos reais. Tratará de dar un pouco de luz sobre un dos feitos previos que deron lugar á abolición da escravitude na Inglaterra do século XVIII.

Actividade

Previo ao visionado da película, o alumnado investigará sobre como era a sociedade inglesa do século XVIII. Que roles desempeñaban homes e mulleres, como estaba estruturada a sociedade (nobreza, burguesía, proletariado...), relixión, cultura...

Analizarán a situación legal das mulleres no século XVIII e na actualidade, facendo unha comparativa dos dereitos que tiñan nese século e dos dereitos que temos na actualidade.

INFANTIL

Actividade

En asemblea debaterase sobre os dereitos dos nenos e das nenas e sobre o feito de que todas as persoas temos os mesmos dereitos. Explicaráselles tamén que as mulleres, ata hai pouco, non podían votar igual que os homes. Visionarase o seguinte vídeo https://www.youtube.com/watch?v=-8Cd3XTqciI onde a través da canción explícase que as nenas e os nenos temos os mesmos dereitos. Coreografiaremos a canción e bailarana na festa de Entroido.

PRIMARIA

De 6 a 9 anos

Actividade

Este ano os disfraces de Entroido versarán sobre o sufraxio das mulleres. A partir de películas e fotos da época, as nenas e nenos vestiranse como as mulleres de primeiros do século XX. Levarán carteis pedindo o voto como nas imaxes da época.

De 10 a 11 anos

Actividade

Por grupos de catro realizarán un cómic, reproducindo a historia dunha das mulleres do calendario.

SECUNDARIA Y BACHARELATO

De 12 a 14 anos

Actividade

1) Proponse que se analice o seguinte gráfico (Gráfico A), sobre o ano de recoñecemento do dereito ao sufraxio a mulleres e homes nos distintos países do mundo.
2) O alumnado achegará resposta para os seguintes interrogantes:
   - En xeral, homes e mulleres puideron acceder ao voto no mesmo momento?
   - Cales foron os primeiros países nos que lles foi recoñecido ás mulleres o dereito ao voto?
   - Que sucedeu en América Latina? O recoñecemento do voto feminino foi temperán ou máis serodio en comparación con Europa ou América do Norte?
   Cal é o dato que chamou máis a atención? Por que?

De 15 a 17 anos e Educación de Persoas Adultas

Actividade

1) En cada país, o recoñecemento do dereito das mulleres para votar orixinou fortes debates entre os distintos sectores da sociedade que estaban a favor e en contra. Ler e analizar os testemuños que presentan distintas posicións sobre o tema.

Testemuño 1. Ler as referencias ao discurso de Lady Musgrave, presidenta da sección de East Grinstead da liga Anti-Sufraxio, Inglaterra, nun mitin en 1911, recollidas nun artigo publicado por un xornal da época.

Por que as mulleres non deben votar [Lady Musgrave]. Afirmou estar completamente en contra da extensión do dereito de voto ás mulleres, xa que pensaba non só non traería ningún ben ao seu sexo, senón que, pola contra, faría moito mal. Citando as palabras de Lady Xersei afirmou: "Non poñades sobre nós esta carga adicional". As mulleres, na súa opinión, non son iguais aos homes nin en resistencia nin en enerxía nerviosa, mesmo, no seu conxunto, tampouco en intelixencia.

Febreiro

Testemuño 2. Ler o discurso de Susan B. Anthony, militante política que dirixiu a loita polo voto feminino en Estados Unidos, pronunciado en 1854 ante a Asemblea Lexislativa do Estado de Nova York.

O dereito da muller ao voto: O que nós pedimos é o total recoñecemento de todos os nosos dereitos como cidadás do Estado. Somos persoas, somos cidadás libres, somos propietarias, contribuíntes; con todo, négasenos o exercicio de dereito ao voto [...] Reunimos todas as condicións que require a Constitución para o votante, excepto o sexo.

2) Analizamos e comparamos os dous testemuños. Cales son os argumentos a favor e en contra do voto feminino? Comentaremos cun compañeiro/a que datos ou aspectos resultaron máis interesantes.

(Gráfico A)

Países	Dereito masculino a voto en eleccións nacionais	Dereito feminino en igualdade ao voto masculino
Nova Zelanda	1879	1893
Australia	1901	1902
Finlandia	1906	1906
Noruega	1898	1913
Uruguai	1830	1917
Polonia	1918	1918
Rusia	1918	1918
Alemaña	1867	1919
Suecia	1909	1919
Países Baixos	1917	1919
EE. UU.	1868	1920
Checoslovaquia	1920	1920
Reino Unido	1918	1928
Cuba	1902	1934
Turquía	1924	1934
Filipinas	1936	1937
Francia	1848	1944
Guatemala	1945	1950
Italia	1919	1945
Xapón	1925	1946
Arxentina	1912	1947
Venezuela	1946	1947
Bélxica	1919	1948
Chile	1935	1949
Costa Rica	1925	1949
México	1909	1953
Brasil	1889	1933

Marzo

INFANTIL

Actividade

Para a celebración do 8 de marzo, realizaremos unha semana de actividades, sendo as protagonistas as mulleres saharauís. Para iso buscaremos a biografía e fotografías de Aminetu Haidar, entre outras, e contactaremos coa asociación de mulleres saharauís "Amse" para que asistan ao centro ou nos proporcionen contos e cancións da súa cultura e para que poidan explicar a nenas e nenos que traballos realizan e as súas responsabilidades nos campamentos de refuxiados.

Actividade

Utilizando como base o conto de "Irene no Sáhara" http://www.solidaridad.org/Cuentos_del_Mundo_Irene_en_el_Sahara_4b4a3d80da981.htm recreamos na aula unha "jaima", utilizando teas, alfombras, xogos de té, coxíns, panos, "melhfas" (teas de cores), música autóctona e na asemblea diaria, iremos creando un conto do deserto cos animais que falan, sendo a protagonista "Lehbara" (a galiña do deserto ou ñandú) que é un animal pacífico e mediador nos conflitos. O obxectivo do conto é enxalzar o imprescindible papel da muller nesas duras condicións de vida, o seu labor como transmisora da cultura e embaixadora da loita do pobo saharauí en todo o mundo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

De 6 a 9 anos

Actividade

En pequenos grupos de investigación (grupos heteroxéneos de 4/5 nenas e nenos), investigar a cultura saharauí: como se visten, cales son as súas comidas, os seus costumes, a súa música, como son as súas casas e que materiais utilizan para construílas, acceso á auga... Tras o traballo de investigación, farán un folleto propagandístico sobre o Sahara para expoñelo no centro e que será enviado ás escolas dos campamentos a través da asociación AMSE.

De 10 a 11 anos

Actividade

- Farase un traballo de investigación a través de Internet sobre a vida nos campamentos saharauís. Tras terminar o traballo de investigación realizarase un debate en asemblea de aula, sendo o tema central: "Como sería a vida dos campamentos saharauís sen a presenza das mulleres?". As conclusións expoñeranse nun PowerPoint para visibilizar en todas as clases do colexio.
- Realizarase unha entrevista a algunha muller saharauí que resida na localidade, preguntando sobre a súa forma de vida, costumes, problemas de adaptación á vida nun lugar totalmente distinto ao da súa de orixe, etc.
- Gravarase un vídeo coa entrevista e proxectarase no salón de actos do colexio para todo o alumnado de 10 a 11 anos; logo da proxección realizarase un debate coas nenas e nenos.

SECUNDARIA

De 12 a 14 anos

Actividade 1

Comezaremos a sesión proxectando as imaxes que se achegan e preguntarémoslle ao alumnado se saben que teñen todas esas persoas en común, cal é o nexo entre estas persoas e se as coñecen.



Na primeira imaxe aparece Amanda Labarca nun acto de promulgación do dereito ao sufraxio feminino.

Na segunda foto vemos a Nelson Mandela. Na terceira aparece Mahatma Gandhi. As dúas últimas fotografías móstrannos a Lola Froitos Balibrea, profesora da Universidade de Murcia, departamento de Socioloxía e Política Social e á activista saharauí Aminetu Haidar.

Despois da choiva de ideas que realice o alumnado, expoñerase que o nexo que as une é que son persoas que loitaron e loitan polos dereitos civís. A seguir contaremos brevemente a historia de loita que desenvolveron cada unha delas.

Actividade 2

Na continuación, preguntaremos: Sabedes que son os dereitos civís?

Escoitaremos as respostas do alumnado e darémoslle exemplos de dereitos civís.

Remataremos a sesión facendo que o alumnado reflexione sobre a importancia ou non de loitar polos dereitos civís, se merece a pena tanto sacrificio. Entre todo o alumnando, farase un grafiti na aula con algunha imaxe pro-dereitos civís elixida entre os deseños presentados na aula, nunha actividade en colaboración co departamento de Debuxo.

De 15 a 17 anos

Actividade 1

Dereitos civís, Que son?

Comézase a actividade cunha choiva de ideas sobre que son os dereitos civís e para que serven. Pediráselles que busquen información sobre persoas defensoras dos dereitos civís, insistindo en que digan nomes de mulleres que loitan ou loitaron por eses dereitos.

Elaborarase unha lista cos datos máis importantes das persoas sobre as que se atopou información. A continuación comprobarán se na súa listaxe aparecen as tres mulleres ás que fai referencia o calendario, pediráselles que investiguen sobre elas e que expliquen cal é a súa loita.

Actividade 2

Realizaremos un debate na aula sobre o Sahara. Para iso dividirase a clase en dous grupos, cada un elixirá o candidato ou candidata que defenderá a súa posición. O tema do debate será o Sáhaha libre (a favor e en contra). As partes do debate serán as seguintes e as dúas persoas que debatan deberán cumprir estes requisitos:

- Exposición Inicial ou discurso construtivo (Tese). Os nosos argumentos.
- Refutación (Antítese). Ataques e defensas relativas á exposición Inicial.
- Conclusión (Síntese). As nosas conclusións, explicando por que a nosa posición no debate é a que debe secundar o xurado.

Máis información sobre como realizar o debate:
http://www.uvmblogs.org/tiposevaluacion/files/2014/02/Debate-en-el-aula-zehhr7.pdf

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

"Loitar é contaxioso?"

Actividade 1

Empezaremos preguntando ao alumnado se coñecen a Aminetu Haidar. Escoitaremos as súas achegas e, sen máis, poñeremos o seguinte vídeo de Youtube: https://www.youtube.com/watch?v=9xH-JkmsoRc

O vídeo é un extracto das noticias onde se explica o motivo da folga de fame que levou a cabo a activista saharauí no aeroporto de Lanzarote no ano 2009.

Ao rematar o vídeo abriremos unha quenda de palabra para que poidan expresar que lles parece a acción de Aminetu e que lles parece a actitude dos gobernos. Preguntaremos ao alumnado: Como credes que se resolveu todo?, Pensades que paga a pena xogarse a saúde, a propia vida, por defender os dereitos civís, os dereitos de todas e todos?

Actividade 2

Despois de escotar as súas opinións e debater ao respecto proxectaremos o seguinte vídeo de "Apoio a Aminetu Haidar en Lanzarote": https://www.youtube.com/watch?v=1QoDSlnAZmw

No vídeo aparece o artista Macaco cantando xunto con todas as persoas que apoiaban a activista. As imaxes mostran claramente como o acto heroico de Aminetu foi recoñecido pola cidadanía de Lanzarote, espertou conciencias e fixo que moitas e moitos se mobilizasen a prol dos dereitos civís. Por iso, se cadra loitar pode ser contaxioso... ou non?

Propoñerémoslle ao alumnado que na casa investigue sobre outras grandes loitadoras a prol dos dereitos civís como son, por exemplo, Amanda Labarca ou Lola Froitos Balibrea, e que fagan despois unha redacción reflexionando sobre as vidas exemplares destas mulleres e indicando se elas e eles mesmos estarían dispostos a loitar por algunha causa. Se así for, tamén indicarían cal sería esa causa que estiman digna. Na seguinte sesión faremos unha posta en común das súas reflexións.

Abril

Neste mes adicado ás mulleres pacifistas, eliximos en cada nivel unha actividade primeira de coñecemento de cada unha destas mulleres e unha actividade segunda de xogo ou dinámica sobre como podemos contribuír á non violencia a través da resolución de conflitos e/ou o autocoñecemento.

INFANTIL

Actividade 1: "Quen son esas mozas?"

Presentamos na asemblea da clase as 3 imaxes das nosas mulleres. Viaxamos aos seus países e coñecemos por que sentiron esa necesidade de traballar pola paz. Debuxámolas e expoñemos os debuxos nos corredores do centro.

Actividade 2: "Facendo paz"

Adiviñar a situación que vive o neno/a que lle toque saír a escena, a través da súa cara e xestos. Nós dirémoslles situación ao oído. As expresións varían se lle dicimos sentir triste, ou enfadado/a. Identificar en min e noutros/as sentimentos para saber actuar e exercer accións encamiñadas a facer paz.

EDUCACIÓN PRIMARIA

De 6 a 8 anos:

Actividade 1: "Quen é quen?"

Presentamos na asemblea 6 imaxes en branco e negro (3 homes coñecidos por traballar pola paz e as nosas 3 pacifistas do calendario). Coñecer as súas biografías e pintar imaxe impresa para poder facer exposición para o centro e ás familias. Facer visitas guiadas e a cada visitante dar cartón para encher con respostas a estas cuestións:

1. Coñeces este personaxe?
2. Ouviches falar algunha vez del/dela?.

Tras a recollida de información, volvemos á aula. A quen se coñecía máis? A homes ou mulleres? Por que?

Actividade 2: "Se eu fose..."

Facemos xogo de roles por parellas. Dámoslle o rol a un/a neno/a de unha das nosas protagonistas e ao outro/ao rol de tentar impedir, con argumentos, que poida acadar os seus propósitos, coa consígna: "Non podes porque..."

De 9 a 11 anos:

Actividade 1: "O meu equipo é..."

Facemos 3 equipos coa clase nomeados como cada pacifista. Nos equipos repártense diversas tarefas (investigadores/as, escritores/as, cartelería, narradoras/es). Tras unhas cantas sesións cada grupo expón ao resto de grupos.

Actividade 2: "Queremos entrar, queremos saír"

Faise un roda grande e dentro quedan varias persoas, e fóra do grupo quedan outras tantas. Só se dá unha consigna: "As persoas que estean dentro teñen que saír, e as que estean fóra teñen que entrar". Observamos e tras o xogo falamos sobre o que ocorreu. Que dinámica se produce? Por que?

EDUCACIÓN SECUNDARIA

De 12 a 14 anos:

Actividade 1. "Concurso de cartaces"

Divídese o alumnado por grupos. A cada grupo seralle asignada unha pacifista. Terán que investigar co obxectivo de deseñar un cartel iconográfico sobre a pacifista asignada. Os carteis serán expostos polo centro escolar.

Actividad 2. "Xogo: Es ti tolerante?"

Individual e anónimo. Falamos do que é a tolerancia. O obxectivo do xogo é debater, a posteriori, sobre as respostas e ver os porqués. Cóntanse só os círculos. Só círculos: máx.tolerancia; de 3 a 7 círculos: non moi tolerante; menos de 3: nada tolerante.

Descargar en: http://erestutolerante.blogspot.com.es/

De 15 a 17 anos:

Actividade "Un pouco de imaxinación"

Ler biografías de seis personaxes (3 homes e as nosas 3 pacifistas do calendario) sen dar datos do xénero. Realizar unha ilustración e/ ou descrición física. A continuación observar e reflexionar sobre número de alumnado que imaxinou que eran homes e número que imaxinou que eran mulleres. Falaremos sobre causas desa elección, os estereotipos masculinos e femininos...

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS:

Actividade "Canto sabemos? E de que?"

Exporase a modo de concurso e pedirase ao grupo que apunte en posits pacifistas e belicistas que coñezan. Dividiremos o encerado en catro partes. Na parte de arriba na primeira columna escribiremos Pacifistas e na segunda Belicistas. A primeira fila serán homes; a segunda, mulleres. E iremos colocando as respostas cubrindo as correspondentes zonas do encerado.

Finalmente terá lugar un debate sobre o modelo de convivencia que está a proxectar a sociedade e a educación. Presentaremos as nosas mulleres pacifistas.



STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
STEG
Asemblea de Mulleres

Actividades propostas

Maio

INFANTIL

A profesora ou profesor colocará o alumnado en círculo. Mostrará fotos de distintas mulleres e explicaralles que houbo e hai mulleres que loitaron para que o mundo en que vivimos sexa mellor. Preguntaremos:

- Se coñecen ou viron algunha muller que lles parecese interesante polo que fixeron.
- Se coidan que as mulleres da súa familia achegaron algo á sociedade.
- Se recoñecen as mulleres das fotos (Fotos de mulleres do pobo que realizan un traballo visible). Falamos sobre o que sabemos delas. Faremos un mural colectivo con elas.

Primeiro xogo

Unha vez terminada a asemblea realizaremos o xogo de: "Adiviñade a quen teño".

Consiste en poñer no chan, boca abaixo, as cartolinas das mulleres amentadas e das que estivemos falando. Elíxese un alumno ou alumna que collerá unha cartolina e describirá o personaxe. Quen adiviñe de quen se trata, pasa ao centro para coller outra cartolina e repetir a operación.

EDUCACIÓN PRIMARIA

De 6 a 8 anos

A profesora ou profesor preguntaralle ao alumnado se coñece mulleres no ámbito da política, sindical ou na súa contorna que loitasen por defender algún dereito.

Tras a posta en común, o alumnado escribirá nunha cartolina nomes de mulleres que lles resulten importantes por algunha razón, que posteriormente explicarán ao grupo. Colocaremos un mural onde se irán pegando esas cartolinas na marxe esquerda, de arriba a abaixo. Dos nomes que puxeron cada nena e neno elixirá un. Levarano a casa e buscarán información sobre el, que ao dia seguinte explicarán ao resto do grupo.

O traballo de información traerase en folio din A4. Poderán utilizar debuxos, prensa, ordenador etc. Cando todos os traballos estean na clase elaborarase un libro de aula que ficará aberto, co fin de que poidamos incluír futuras achegas de mulleres activistas.

De 9 a 11 anos

Imos comezar un novo proxecto de traballo. Investigaremos, coñeceremos e recoñeceremos o valor das mulleres activistas políticas. Para comezar, iremos pedindo quenda e escribiremos no encerado o nome de mulleres políticas que coñezamos ou das que oísemos falar, colocando á beira o nome do partido político ao que pertencen e logo estableceremos un coloquio, con estas preguntas como guía:

Como cres que se tomou a familia de Matilde que ela se dedicase á política? Que afeccións tiña Matilde? Lembras o nome dos xornais nos que publicaba? Como se chamaba a academia que creou na súa vila? Ensinaban alí dunha forma especial? Que era Voces Cántabras? Que achegou Matilde ao folclore de Cantabria? A que partido se afiliou Matilde? Para que a elixiron en dúas eleccións xerais? Cantas mulleres deputadas había? Seguiu publicando Matilde en prensa na súa época de deputada? A que país se exiliou unha vez comezada a Guerra Civil española? Continuou publicando entón? Dende Burdeos, a que país se exiliou? Ao cabo de cantos anos morreu? Por que a expulsaron do partido socialista?

SECUNDARIA Y BACHARELATO

De 12 a 14 anos

Imos comezar un novo proxecto de traballo. Investigaremos, coñeceremos e recoñeceremos o valor das mulleres activistas políticas. Para comezar, iremos pedindo quenda e escribiremos no encerado o nome de mulleres políticas que coñezamos ou das que oísemos falar, colocando á beira o nome do partido político ao que pertencen e logo estableceremos un coloquio.

Durante o coloquio, introduciremos "pistas" como estas:

- Son moitas ou poucas as mulleres políticas que coñecemos? Por que? Por que son poucas as mulleres que se dedican á política?
- Agora investigaremos sobre unha activista política chamada Neus Català Pallejà. En tres días, faremos unha posta en común da información que atopásemos sobre ela.
- Trala posta en común, entre todas e todos, elaboraremos a súa biografía no encerado, localizando previamente no mapa mural de España o seu lugar de nacemento e o seu lugar actual de residencia. Se trouxeron a información impresa, aproveitaremos as fotos para o mural que confeccionaremos.

De 15 a 17 anos

Ver articulo sobre Isabel González González en: www.laopinion.es/tenerife/2013/09/08/azucena-roja-gran-olvidada/497144

- Debate sobre o artigo
- Reflexión por escrito de por que coidan que se esqueceu o papel de Isabel González
- Traballo en grupos pequenos mixtos reflexionando sobre o papel da muller na política.

Facer unha sinxela investigación en grupo sobre as activistas propostas neste mes de maio (grupo)

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Búsqueda a través de Internet para localizar artigos e información sobre as activistas de maio, Coa información obtida, farase un dossier por pequenos grupos.

Xuño

Estos actividades están resumidos. A súa extensión impedía repoducirlos completos.
Actividades completos e anexos en http://www.stes.es/mujer.html

INFANTIL

"Viaxamos a México con Benita Galeana e Frida Kahlo"

Metodoloxía:

Organizaremos a actividade en diferentes momentos e agrupamentos:

Momento 1: en asemblea miraremos e escoitaremos o conto que explica unha nena de Educación Infantil

https://www.youtube.com/watch?v=CY57qCSo5zY

O conto fala da vida e obra de Frida Kahlo. Relacionaremos esta autora con Benita Galeana.

Despois, buscaremos a vida e obra de Benita Galeana a través do encerado dixital. Charlaremos sobre ela e aclararemos algunhas dúbidas que poida ter o alumnado.

Momento 2: en asemblea buscaremos nun mapa interactivo ou Google Maps, México, máis concretamente, San Jerónimo de Juárez, onde naceron as dúas autoras. Traballaremos os costumes típicos desta cidade e faremos unha valoración sobre as diferenzas culturais máis relevantes que atopamos.

Momento 3: En pequeno grupo, faremos un retrato das dúas autoras, Benita Galeana e Frida Kahlo, en DIN-A3. Traballaremos as cores vivas e relacionarémolas coa intensidade das vidas destas dúas grandes mulleres.

EDUCACIÓN PRIMARIA

De 6 a 8 anos

Actividade 1: Benita Galeana

Metodoloxía:

En gran grupo escoitamos a biografía de Benita Galeana (https://es.wikipedia.org/wiki/Benita_Galeana) adaptada e resumida.

A continuación facemos unha ficha biográfica partindo de preguntas realizadas pola mestra. O alumnado sae ao encerado, contesta por escrito e realízase a corrección ortográfica entre toda a clase.

Individualmente, copian a biografía do encerado na folla que lles entrega a mestra.

Cada alumno/a elixe do computador un retrato de B. Galeana e realiza unha obra Pop Art.

Finalmente realízase unha exposición no corredor coas biografías e os retratos. Nunha breve intervención, cada un describe o seu retrato ao resto da clase e explica por que o escolleu.

Actividade 2- O salario

Metodoloxía: Rose Boland, outra das mulleres ás que vai dedicado o mes de xuño no calendario, foi unha traballadora da fábrica Ford (Inglaterra) que loitou porque as mulleres fosen consideras traballadoras cualificadas igual que os homes, feito que conseguiu despois dunha folga (1968). Este recoñecemento veu acompañado dunha subida de soldo. Historicamente as mulleres cobraron menos que os homes. Mesmo hoxe en día as mulleres e os homes cobran diferente soldo polo mesmo traballo. E o que se coñece como "fenda salarial".

Contesta no teu caderno:

- Coidas xusto que unha persoa cobre menos que outra se realizan o mesmo traballo, polo feito de ser muller?
- Por que unha muller cobra menos que un home?
- Segundo este artigo dixital da revista FORBES (http://forbes.es/actualizacion/290/cual-es-la-brecha-salarial-de-genero-en-las-profesiones-mas-comunes), as profesións con máis brecha salarial son: médica/o, arquitecta/o, cociñeira/o, profesor/a, contábel, director/a executivo/a..., nas que as mulleres cobran, de media, 275 euros menos á semana.
- En grupos mixtos, de 3 ou 4 persoas, escollede unha das profesións anteriores (a que vos sexa máis próxima porque sexa a de alguén da vosa familia ou persoa coñecida) e investigade se esa fenda salarial existe realmente e que outras diferenzas pode haber entre homes e mulleres nesa profesión determinada. As conclusións da devandita investigación deben presentarse nunha cartolina, acompañadas de imaxes ou fotografías ilustrativas sobre o tema.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

De 12 a 14 anos

TÍTULO: Aurora Picornell

Actividade

Metodoloxía:

1. Ide á sala de computadores ou utilizade os portátiles, os móbiles (caso que o profesor/a vos autorice), etc., para buscar información sobre Aurora Picornell e por que a lembramos. Imprimides as páxinas que atopedes e compartídelas entre os compañeiros/as coa finalidade de elaborar unha especie de álbum ou guía de Picornell, que podedes encadernar e acabar deixando na biblioteca do voso centro como documento de consulta para o futuro.

2. Visita unha biblioteca para buscar algún dos artigos de Picornell, recollidos no libro de Josep Quetglas: *Aurora Picornell. Escrits 1930-1936*. Seleccionade un por alumno/a.

De 15 a 17 anos

Actividade

Título: Benita e Aurora, mulleres para a liberdade

Metodoloxía: A actividade consta de tres momentos, un de investigación, outro de exposición da información e o último de debate e reflexión.

Por parellas, buscarase información sobre Benita Galeana e Aurora Picornell, facendo especial énfase na súa traxectoria profesional. Despois as diferentes parellas achegarán datos sobre elas. Unha vez teñamos suficiente información buscaremos paralelismos entre estas dúas mulleres e reflexionaremos sobre a importancia do concepto de liberdade e a necesidade da loita feminista tanto na súa época como hoxe.

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Actividade: Aurora Picornell

Metodoloxía:

"Solo cuando llueve" é unha obra de teatro baseada na vida e morte de Aurora Picornell. Na seguinte ligazón tedes o dossier coa sinopse (páxina 3) e a biografía de Aurora Picornell (páxina 10):

http://www.deferro.org/wp-content/uploads/2016/02/DOSSIER-S%C3%93LO-CUANDO-LLUEVE-WEB.pdf

En grupos (peza teatral) ou individualmente (monólogo) reproducide un breve fragmento da súa vida (mitin político, defendendo as persoas traballadoras, encadeada na prisión de Can Sales...).

Coñecedes a historia doutra muller que dese a súa vida polas súas convicción? Explicade a historia ao resto da clase.

E para rematar, poderiades realizar un traballo con toda esa información, acompañándoo de imaxes, para que outros grupos poidan consultalo.

Xullo

Mes da ecoloxía

Durante este mes celebraremos o mes do Planeta. Para iso implicaremos a todo o centro. Realizaremos actividades en todos os niveis educativos

INFANTIL "Somos ecoloxistas"

Actividade

Que quere dicir ser ecoloxista?. Explicarémoslle ao alumnado que ser ecoloxista consiste en coidar o noso planeta e que eles, con pequenas accións, poden axudar a coidar e manter o planeta.

Para conseguir a medalla de ecoloxista, ao longo do mes, o alumnado debe realizar "os tres R" (reducir, reciclar e reutilizar). A cada nena e neno se lle dará un planning semanal no que figurarán as actividades de reducir, reciclar e reutilizar que deben facer para conseguir a medalla de ecoloxista:

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
REDUZO	Apago a luz ao saír	Non deixo a billa aberta	Apago a tele se non a estou vendo	Dúchome no canto de bañarme	Utilizo transporte público
RECICLO	Tiro as botellas no colector verde	Tiro o plástico no colector amarelo	Tiro os papeis no colector azul	Tiro os restos orgánicos no colector gris	Tiro as pilas no colector de pilas
REUTILIZO	Constrúo un floreiro con botellas de cristal		Constrúo un testo con botes de plástico		Constrúo un portalapis cun tarro de cristal

PRIMARIA

De 6 a 9 anos

Ao longo do mes do Planeta, iremos facendo distintas actividades.

Actividade 1

O alumnado visionará o seguinte conto:

https://www.youtube.com/watch?v=U2MZpibmXfE

A continuación, escenificarano diante do resto de compañeiros e compañeiras do colexio. Farán sobre papel continuo as escenas do conto para decorar a clase.

Actividade 2. "O Planeta en Perigo"

Imos facer unha historia entre todas as nenas e nenos da aula sobre a necesidade de coidar e conservar o Planeta, co título e "O Planeta en perigo". Para iso comezaremos cunha frase: *Un día, camiñando polo bosque ao que me gustaba ir pasear, observei algo raro...* A partir desta frase cada nena ou neno irá engadindo outra frase, os tres últimos deben ser os encargados de rematar a historia. Co conto finalizado, editarémolo en Word e publicarémolo no xornal do colexio. Como actividade complementaria, os nenos e nenas elaborarán debuxos alusivos á historia.

De 10 a 11 anos

Actividade 1: Gymkana "Ecoloxistas en acción"

O alumnado deberá ir pasando por distintas probas, ao final das cales conseguirá o seu diploma de "ecoloxista en acción".

A Gymkana constará de varias probas:

1. Reciclaxe de desperdicios. Debe ir depositando no balde correspondente os desperdicios que teñen sobre unha mesa.
2. Completa o panel. Sobre unha mesa hai varias imaxes de condutas que reducen o consumo de enerxía e imaxes de condutas que implican consumo de moita enerxía. O neno ou a nena debe colocar as imaxes correctas debaixo do logo correcto: Reduzo/ Non reduzo.
3. Reutilizo. Deben imaxinar o que se pode facer para reutilizar algún obxecto de refugallo que se lles facilite.
4. Completar correctamente a eficiencia enerxética. Completar o cadro correspondente a cada letra e cor.

E.S.O.

De 12 a 14 anos

Actividade. Concurso de relatos curtos sobre ecoloxía.

En grupos de 4 alumnos/as, elaborarán un relato curto de 100 palabras sobre o coidado do planeta e a nosa obriga de mantelo para as xeracións futuras. Os relatos colgaranse no Facebook do instituto e o que reciba máis "gústame" ao longo do mes, será o gañador.

De 15 a 17 anos

Actividade

Mesa redonda sobre a mensaxe de Berta Cáceres ao recibir o premio Godman.

http://www.goldmanprize.org/recipient/berta-caceres/

Investigarán sobre o pobo Lenca: onde está situado, cal é a súa poboación, por que loitan polo coidado dos ríos... Tamén investigarán sobre o COPIHN e a súa loita.

ED. PERSOAS ADULTAS

Visionado da película "EL ABRAZO DE LA SERPIENTE"

Actividade 1

Unha vez vista a película realizarase un debate sobre as influenzas do home branco sobre os pobos indíxenas do Amazonas.

Elaborarase un traballo sobre os indíxenas do Amazonas e as consecuencias da aparición do home branco sobre a súa forma de vida, cultura, costumes...

Actividade 2

Deben realizar un traballo de investigación sobre os mitos e lendas do Amazonas. Cada persoa elixirá unha lenda e presentaralla aos seus compañeiros e compañeiras.

Agosto

INFANTIL

Na asemblea explicarase quen son as tres mulleres do mes no calendario. Mulleres que loitaron e loitan polos dereitos das mulleres.

Actividade: Colaboración en familia

Esperanza Brito foi unha muller mexicana que alternou a súa faceta de ama de casa coa súa loita polos dereitos das mulleres. Con todo o grupo realizarase unha listaxe de actividades domésticas e cada alumna/o comentará quen as realiza en cada caso na súa casa.

Analizarase co alumnado se existe unha repartición equitativa das tarefas ou se pola contra hai actividades que as realizan só as mulleres da casa ou ben só os homes.

PRIMARIA

Actividade 1: Que nos ensinan os libros?

Esperanza Brito foi unha muller mexicana, ama de casa e xornalista que fundou o Movemento Nacional de Mulleres. Un dos seus labores foi o de revisar os libros de texto para atopar sinais de contidos discriminatorios entre mulleres e homes.

En moitas ocasións os nosos libros reflicten as ideas impostas polo patriarcado. Revisade un libro de texto da materia que queirades e buscade imaxes ou contidos discriminatorios. Propoñede alternativas máis coeducadoras para esas imaxes e contidos.

Actividade 2: Na actividade política somos iguais?

Esperanza Brito tamén loitou pola participación en política, como iguais, de mulleres e homes.

- Busca entre os partidos políticos españois cantos deles están encabezados por homes e cantos por mulleres.
- Revisa a listaxe de persoas que ostentan a presidencia do goberno nos países europeos e sinala cales están presididos por mulleres. Paréceche unha proporción xusta?. Explica por que.

E.S.O.

Actividade 1:O noso corpo é noso

Efua Darkenoo foi unha muller ganesa que loitou pola erradicación da mutilación xenital feminina. Esta práctica ancestral constitúe unha forma de control sobre a muller

Analizade, en clase, os comportamentos sociais e as imaxes de homes e mulleres. Pensade se, na sociedade occidental, existen tamén formas de control e opresión sobre a muller e o seu corpo. Explicade cales son.

Actividade 2: Las luchas feministas

Lara Alcázar é unha activista feminista de Femen, organización que se caracteriza por mostrar o peito espido das súas activistas como forma de protes

Buscade imaxes de protestas feministas ao longo da historia. Comentade por que se realizaron no seu momento e se hoxe en día foron acadadas esas demandas.

Actividade 3: Sociedade e feminicidios

Esperanza de Brito, impulsou, en México, o primeiro centro de atención á violencia.

Revisa os datos sobre feminicidios no Estado español. Coidas que se están a poñer todas as medidas para protexer as mulleres da violencia machista?. Propón ideas para atallar esta lacra na nosa sociedade.

Actividade 4: Patriarcado e violencia coas mulleres

Esperanza de Brito impulsou as primeiras axencias de delitos sexuais na capital de México e fixo parte do Grupo Plural Pro Víctimas.

Comentade en clase distintos tipos de comportamentos sociais. Reflexionade sobre os que constitúen algún tipo de violencia contra as mulleres e clasificade as diferentes formas de exercer violencia contra as mulleres desde as actitudes patriarcais.

Actividade 5: Hai unha soa forma de ser nai?

Esperanza de Brito foi unha ama de casa mexicana que descubriu o feminismo cando xa era unha muller adulta e nai de varios fillos. Compaxinou o seu traballo como ama de casa co seu labor como xornalista e coa loita polos dereitos das mulleres.

Buscade imaxes que retraten a maternidade. Analizade como a publicidade trata as mulleres e, concretamente, no caso das mulleres que son nais. Coidades que todas as mulleres deben ser nais?

BACHARELATO e PERSOAS ADULTAS

Actividade 1: Paternidade e maternidade son iguais?

Esperanza de Brito encabezou as primeiras protestas, en México, pola morte de mulleres por aborto. Demandou a Lei por unha maternidade libre e voluntaria.

Reflexiona sobre a actitude da sociedade ante as mulleres e a maternidade. Favorécense medidas de conciliación iguais para homes e mulleres?. Ten iguais efectos laborais e sociais a maternidade/paternidade para as mulleres e os homes? Estabelece ideas para equiparar os efectos da maternidade/paternidade.

Actividade 2: As loitadoras das flores

Lara Alcázar é unha das activistas do grupo feminista de Femen, coñecidas porque realizan as súas protestas co torso espido e porque levan unha coroa de flores na cabeza.

Buscade información sobre a orixe de Femen e sobre as súas protestas e tentade descifrar e significado dos seus símbolos. Neste vídeo podedes atopar información sobre estas cuestións: http://www.rtve.es/alacarta/videos/la-manana/manana-cafe-lara-alcazar/2739154/

Por que no vídeo das protestas lle son tapados os peitos ás activistas ou aparecen pintados con spray?

Estos actividades están resumidos. A súa extensión impedía repoducirlos completos.
Actividades completos e anexos en http://www.stes.es/mujer.html

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
STEG
Asemblea de Mulleres

Actividades propostas

Setembro

EDUCACIÓN INFANTIL

1. Lectura e análise do dobre conto:

Malala: una niña valiente de Pakistan/ Iqbal Masih: un niños valiente de Pakistan. Jeanette Winter. Editorial Juventud.

Tamén hai un comic: http://zenpencils.com/comic/104-malala-spanish/ e un video https://www.youtube.com/watch?v=e5RHEdtOqUs (elaborado polo C.R.A. Puente de Domingo Flórez en San Pedro de Trones, León).

Primaria. De 5 a 7 anos

1. Lectura resumida das biografías das protagonistas do calendario no mes de setembro, destacando os aspectos máis importantes das súas vidas: Guillermina Medrano Aranda, Carmen García Colmenares e Malala Yousafzai (https://www.youtube.com/watch?v=6RUYwTdmMLQ). Realizar un debate sobre o dereito á Educación e analizar a importancia de asistir ao colexio nenos e nenas xuntos (coeducación).

Primaria. De 9 a 11 anos

1. Facer unha localización de cidades, comunidades autónomas de España e países que aparecen nas biografías das protagonistas nun mapamundi, utilizando para iso diversos materiais plásticos (cartolinas, gomaeva, pintura, plastilina, etc.). Sobre este primeiro traballo facemos unha actividade de unión de puntos dos lugares destacados nas biografías das activistas (para iso pódese usar lá de cores).

2. Despois, investigamos sobre a problemática educativa e as dificultades que as mulleres teñen para o acceso á educación nalgúns lugares do mundo e inventamos lemas escolares para promover a educación de nenos e nenas no centro. Podemos buscar frases de Malala para completar o debate.

SECUNDARIA
De 12 a 14 anos

COMO SERÍA A MIÑA VIDA SE NON TIVESE DEREITO Á EDUCACIÓN?

1.- Na seguinte ligazón, pódese ler a vida de Malala en forma de cómic:

http://www.actiludis.com/wp-content/uploads/2014/11/Comic-Malala-COLOR.pdf ou no video https://www.youtube.com/watch?v=6RUYwTdmMLQ (elaborado polo C.R.A. Puente de Domingo Flórez en San Pedro de Trones, León).

Faise unha lectura conxunta do cómic (e/ou visionado do vídeo) para posteriormente, responder preguntas deste tipo: Como cambiaría a túa vida se non puideses ir ao instituto? Que estarías disposta/o a facer para conseguir acesso á Educación? Cita tres aspectos positivos que teña ir á escola. Cal sería a túa reacción se vivises en Afganistán?

Na seguinte ligazón pódese ver o discurso que deu Malala na ONU, no que dixo *"Un neno, un profesor, un lapis e un libro poden cambiar o mundo. A educación é a única solución"* (https://www.youtube.com/watch?v=UJZHFlao88Y) Facer unha análise conxunta da importancia da educación.

De 15 a 17 anos

1. Elaboración dun mural cos datos significativos das biografías de cada unha das mulleres do mes de setembro do calendario. Materiais a empregar: cartolinas, plastilina, rotuladores, pintura, gomaeva, etc. Propor un debate en relación ás achegas á educación que puideron realizar estas mulleres.

2. Investigar sobre que é unha "cátedra de xénero" e sobre Carmen García Colmenares como fundadora da Cátedra de Estudos de Xénero da Universidade de Valladolid. Valorar a necesidade deste tipo de estudos nas Universidades. Analizar a importancia da coeducación como logro para unha sociedade máis igualitaria en relación coa alternativa de recibir unha educación separada por sexos.

Educación de Persoas Adultas:

1.- Repaso sobre a biografía das mulleres protagonistas e análise do papel das mulleres na 2ª República, especialmente das mestras (Documental de Mestras na República), coas achegas de Carmen García Colmenares a esta investigación.

Estos actividades están resumidos. A súa extensión impedía repoducirlos completos.
Actividades completos e anexos en http://www.stes.es/mujer.html

Outubro

OUTUBRO: DEFENSA DA IDENTIDADE SEXUAL

Metodoloxía

Este mes imos estudar outras loitas pola defensa da identidade sexual das mulleres: A loita das mulleres lesbianas, a teoría Queer, a transexualidad infantil e a reflexión feita desde o transfeminismo. Se todo isto se che fai novo, aconsellámosche que investigues un pouco previamente.

http://chrysallis.org.es/
https://es.scribd.com/doc/291710017/Abrazar-La-Diversidad
http://steilas.eus/files/2015/05/GUIA-diversidad-sexual-y-genero.-STEI-LAS-2015.pdf

EDUCACIÓN INFANTIL

Actividade 1: MONSTRUO ROSA de Olga de Dios

"Un conto para entender a diversidade como elemento enriquecedor da nosa sociedade".

Lectura E diálogo en gran grupo:
De que cor é? Describe a "Monstruo RosaV.
De que cores era o sitio onde vivía? E as súas xentes? Gustáballe vivir nese sitio?
Por que durmía abrazado á súa casa? Con que soñaba?
Que medios de transporte usou na súa viaxe e canto tempo tardou en facela?.
Como era o lugar ao que chegou? E as súas xentes?
Describe a "Bicho Bola", "Pájaro Amarillo", "Rana de tres ojos" e "Monstruo azul".
Que se facía neste sitio durante todo o día? E pola noite?
Se non podes conseguir o libro, adapta as preguntas a esta canción: https://www.youtube.com/watch?v=nOFYYzsIRFY



EDUCACIÓN PRIMARIA

De 5 a 8 anos

Actividade 1: Huellas curtametraxe de José Manuel Silvestre e Conchi de los Ríos

https://vimeo.com/72255933 Contrasinal: 123

Como se determina o sexo dunha persoa cando nace?
Sabiades que hai nenos e nenas que senten que ese sexo que determinaron na clínica non é o seu?
Como solucionarías ti esta situación?
Tratade estas preguntas en grupos pequenos e logo posta en común e debate.

De 9 a 11 anos

Actividade 1: Curtametraxe VESTIDO NUEVO de Sergi Pérez Gómez.

http://www.rtve.es/alacarta/videos/version-espanola/version-espanola-vestido-nuevo/189412/

Preguntas previas e explicación do que significa ser gai, lesbiana e transexual.
Que é iso do sexo sentido?

Por grupos pedirémoslles que analicen a actitude dos personaxes: Santos, profesora, director, pai e Elena.
"Entroido é ir coma nós queiramos"
Que fai Mario o día de Entroido? Que lle chama o seu compañeiro Santos? Por que a Mario lle gusta vestir de nena e pintar as unllas? A todas as nenas lles gusta vestirse de cor rosa e pintar as unllas? Como remata a curtametraxe? Algún personaxe cambia de actitude? Como deberían cambiar o resto?

EDUCACIÓN SECUNDARIA

De 12 a 14 anos

Actividade

Celia Juan Abenoza é unha activista valenciá que loitou polos dereitos sexuais das persoas LGTBI. En grupos traballade sobre o signifcado da súa frase no calendari.
Procurade todas aquelas palabras que non entendades.
Posta en común en gran grupo. Acción: escribir unha carta á familia de unha das persoas asasinadas por motivo da súa opción sexual. Subídeas a Facebook.

De 15 a 17 anos

Actividade: TRANSFEMINISMO

Laura Bugalho é unha activista galega que traballa con persoas migrantes dende o transfeminismo. Por grupos traballade o significado da frase de Laura, para iso teredes que:
- Buscar no dicionario todas aquelas palabras que non entendades.
- Ler a súa biografía no dossier.

"Deberiamos estabelecer un novo paradigma: ser inmigrante. Aí poderiamos recoñecernos todos e todas. As mulleres somos inmigrantes no sistema patriarcal; os gais e as lésbicas, no sistema heteropatriarcal. Máis aínda se es translésbica, algo que a xente non entende.. Somos inmigrantes tamén no sistema colonizador español ou no sistema capitalista".

Discutide en grupos o que significa a frase de Laura. Realizade un pequeno texto explicativo.
No gran grupo, con todas as ideas propostas, realizaremos un texto en común.

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Actividade: QUE É ISO DE LGTBQI? Teoría QUEER

Sabedes o que significan todas as letras de LGTBQI?
Buscade información sobre a teoría Queer en Internet, e tentade, por grupos, resumila coas vosas palabras.
Agora mirade este vídeo da youtuber sexploradores https://www.youtube.com/watch?v=ON10APGY8HU Quedouvos máis claro?
Agora lede a frase de Teresa de Laurentis "lesbiana" non alude a unha muller individual con unha "preferenza sexual" particular ou un suxeito social cunha prioridade simplemente "política", senón un suxeito excéntrico, constituído nun proceso de loita e de interpretación, de reescritura do propio eu, en relación a unha nova comprensión da comunidade, da historia e da cultura". Suxeitos excéntricos: a teoría feminista e a conciencia histórica.
Pensade nunha frase que estea conforme coa teoría Queer e coa a que esteades de acordo. En cartolinas de cores (da bandeira LGTB) escribide a frase que escolléchedes e colocádeas na aula formando a bandeira da liberdade LGTBQI.

Novembro

INFANTIL

1. CANDO O MONSTRO SENTE RAIBA.

Tras ver o conto "El monstruo de colores" https://www.youtube.com/watch?v=vOVmZuxCusQexpresamos as emocións que aparecen no personaxe, asociando cada emoción coa súa cor correspondente. Que expliquen en que situacións senten raiba, como se senten e como reaccionan (puñadas, berros, rabechas, etc.). Propoñemos e practicamos técnicas para encauzar esas reaccións cara outras máis pacíficas (Ex. contar do 1 ao 10, falar do problema, respirar profundamente...)

2. CAMBIEMOS O CONTO.

Despois de ver o conto "Arturo e Clemetina" http://www.slideshare.net/nilu/arturo-y-clementina o alumnado expresará as súas impresións e sentimentos respondendo preguntas do tipo: Pensades que Clementina era feliz? Que farías se foses Clementina? Gústache o final do conto? Reinventar o conto salientando un comportamento de bo trato e que favoreza a igualdade de xéneros.

De 5 a 8 anos

1. APRENDEMOS A RESOLVER CONFLITOS.

Recortar e clasificar fotos de revistas ou xornais na que se mostren hábitos de relación positivos (afecto, agarimo, axuda,..) e negativos (golpear, enfadarse,..) expresando as diferenzas entre uns e outros. Analizamos as negativas, imaxinando que puido suceder antes e as consecuencias posteriores. En pequeno grupo, practicarán a mediación propoñendo ideas para resolver pacíficamente os conflitos.

2. QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

Cada alumno ou alumna escribirá o que significa para cada un este termo. Posta en común para aclarar conceptos, tipos de violencia, consecuencias... Responderán se coñecen ou escoitaron falar de algún caso.

De 9 a 11 anos

1. 1NON SE DANA A QUEN SE QUERE

O alumnado escoitará a "Malo" de Bebe https://www.youtube.com/watch?v=Xj5_vkijvx4 respondendo preguntas do tipo:
- ¿Que nos conta a canción?
- Entendes a mensaxe da canción?
- Cal é?
- Que tipo de violencia recibe a muller da canción?
- Pensades que a violencia física é o único xeito de violencia que se exerce sobre as mulleres?
- Que poderiamos facer si vísemos na rúa unha situación semellante?

2. MITO O REALIDAD.

Hablar con ellos sobre los "mitos" que justifican la violencia machista. Reflexionar sobre la realidad que encierra cada unos de ellos siguiendo este esquema tipo:

MITO	"OS HOMES VIOLENTOS PEGAN PORQUE BEBEN... ESTÁN CIUMENTOS... ESTÁN ENFERMOS".
REALIDADE	"OS HOMES VIOLENTOS PEGAN PORQUE QUEREN MANDAR NAS MULLERES, TER PODER SOBRE ELAS".
MITO	"SE FOSE VERDADE QUE HAI TANTOS HOMES QUE PEGAN ÁS MULLERES, ELAS MARCHARÍAN"
REALIDADE	"A MAIORÍA DAS MULLERES PERMANECEN COS SEUS AGRESORES PORQUE TEÑEN MEDO A QUE LLES FAGAN DANO A ELAS OU ÁS SOAS FILLAS E FILLOS".

SECUNDARIA
De 12 a 14 anos

1. UNHA DE CADA TRES MULLERES

Tras ver o vídeo da campaña publicitaria de U.N: WOMEN "Unha de cada tres mulleres": https://www.youtube.com/watch?v=C7i9tqdVUD8, responderán a pregunta que aparece ao final "Cal destes casos che parece excesivamente elevado?".

Facer unha posta en común e reflexionar sobre a afirmación "Unha de cada tres mulleres sufrirá violencia física ou sexual ao longo da súa vida".

Argumentar a importancia da concienciación social respecto ao tema.

2. CAL É O NOSO SLOGAN?

Por grupos, elaborar cartaces con slogans publicitarios contra a violencia de xénero, cun lema atractivo e directo, para visualizalos no centro durante o mes de novembro.

De 15 a 17 anos

1. AMORES QUE MATAN

Antes de visualizar a curtametraxe "Amores que matan" de Icíar Bollaín https://www.youtube.com/watch?v=MzaWE2fQus4, responder preguntas tipo: Que coñecedes deste tema?, Hai ou coñecedes algún caso no voso arredor?, Que din os medios de comunicación?, Que argumentos explican o proceso de violencia contra a muller?

Tras o seu visionado:
- Comentar aquelas secuencias da curta que teñan maior interese.
- Realizar unha listaxe de ideas falseadas ou alteradas sobre as mulleres.
- Comparar como era a parella antes e agora. Antes, mentres era noivo, era atento, detallista; agora...
- Elaborar unha táboa a modo de conclusión cos valores sobre os que se constrúe a ideoloxía machista e os valores que presiden unha relación home-muller nun plano de igualdade.
- Reflexionar sobre se é posíbel a rehabilitación dos homes maltratadores.

2. STOP AOS MICROMACHISMOS.

Elaboración dun "Blog" para previr e para visibilizar a problemática da violencia contra as adolescentes, achegando información sobre micromachismos, tipos de violencia, mitos, cibercontrol, amores tóxicos... por medio de microrrelatos, videos, cancións "protesta", etc.

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

1. COÑECENDO ACTIVISTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Recoller información sobre as tres mulleres activistas contra a violencia de xénero que aparecen neste mes do calendario. Realizar exposición oral con power point ou outro software semellante sobre as organizacións ou fundacións que representan:
- Plataforma Mujeres Artistas contra la Violencia de Género (Cristina del Valle)
- Organización Karama (Hibaaq Osman)
- The Women's Union (Fariha Al-Barqawi)

2. E TI QUE FARÍAS?

Visionado do vídeo-experimento social "Axudarías a unha muller?" https://www.youtube.com/watch?v=A4eYKqTZ1Fg e análise conxunta das diferentes reaccións diante dun mesmo caso de violencia machista. Que farías ti?

Decembro

Materiais
- Internet
- Biografías mulleres de la Organización de Mulleres:
  https://issuu.com/confederacion_intersindical/docs/organizaciondemujeres
  http://www.todoslosnombres.org/content/materiales/las-maestras-la-republica-unidad-didatica
  http://www.diariodeleon.es/noticias/provincia/premio-lucha-vecinal_910171.html
  http://www.miciudadreal.es/2014/11/27/las-marchas-de-la-dignidad-organizan-una-charla-sobre-renta-basica-y-servicios-sociales/
  http://rentabasicadelasiguales.coordinacionbaladre.org/etiquetas/rosa-zafra
  https://www.facebook.com/sodepazbalamil/posts/584976474953024
- Fotos mulleres Organización de Mulleres.
- Outros materiais: tesoiras, folios, rotuladores...

INFANTIL
- Presentamos as mulleres da O.M.
- Facemos un diálogo en asemblea, centrándonos nas actividades que realizan estas mulleres.
- Escollemos catro mulleres por proximidade ou aquelas que pertenzan á nosa comunidade.
- Proporcionámoslle ao noso alumnado nomes e fotos desas mulleres, recortámolas e colámolas cos seus nomes nun folio, para posteriormente presentalas.

PRIMARIA
De 6 a 8 anos
- Presentamos as mulleres da O.M. na clase.
- Asociamos cada muller coa súa comunidade autónoma.
- Escribimos o nome de cada unha e destacamos algunha característica delas.

De 9 a 11 anos

Presentamos as mulleres da O.M. e explicamos o concepto do que é un sindicato.
- Escribe os nombres de cada unha delas, engade a súa profesión e completa co sindicato á que pertence cada unha.
- Define o concepto de "Activista". Podes procurar a palabra no dicionario.

SECUNDARIA
De 12 a 14 anos

Presentamos as mulleres representantes da O.M.
- En que ano se creou a O.M da Confederación Intersindical? En que anos a representaron cada unha delas?
- A que sindicato representan e que traballo realizaron durante o tempo en que representaron a O.M.

De 15 a 17 anos

Unha vez presentadas as mulleres da O.M. na clase e expostas as actividades que realizan:
- Escribe un texto explicando as accións máis importantes que cres que levaron a cabo.
- Busca no dicionario o significado das seguintes palabras:

Activista	Hembrismo (castelán)
Autoestima	Machismo
Coeducación	Misoxinia
Empoderamento	Paridade
Feminismo	Visibilizar

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

"O sexismo trasmítese nas familias e nas escolas" *Mari Carmen Ferrer Abellán, STECLM (1996-1998)*

- Explica o significado desta frase.
- Que medidas adoptarías para acadar unha sociedade máis igualitaria?

Estos actividades están resumidos.
A súa extensión impedía repoducirlos completos.
Actividades completos e anexos en
http://www.stes.es/mujer.html

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
STEG
Asemblea de Mulleres

Tempo de Mulleres
Mulleres no Tempo

Creadoras de Cambios Sociais

2017

ACTIVIDADES PROPOSTAS nas ÚLTIMAS PÁXINAS

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG

Tempo de Mulleres
Mulleres no Tempo
Creadoras de Cambios Sociais

Elabora e Edita: Organización de Mulleres de STES intersindical | o.mulleres@stes.es
colaboran: Mª del Mar Almeida Ossa, Roberto Alonso García, José Luis Asensio Bernardo, Carles Cabrera i Villalonga, Elisa Calatrava Martín, Evelia Deniz Naranjo, Margallida Fiol Capellà, Ana García Lema, Dana García Mas, Sandra García Pechiarromán, Mª Carmen Gil Robles, Mª Luz González Rodríguez, Fina Lucerga Nieto, Ana Río Moya, Inmaculada Ortells Rodríguez, Pía Ounteiriño Calle, Rosa Peña Barreló, Sandra Serra Teruel, Elisa Simón Mateo, Margarita Trasancos Bimendi, Dolores Verde Trujillo.
Deseño gráfico e maquetación: Mario Padilla. Área de Publicacións de Confederación Intersindical | publicacions@intersindical.es
Depósito Legal AL-1975-2016 | Publicación de difusión gratuíta | Tirada: 30.000 exemplares
Ilustracións e deseño gráfico: Rocío Bueno | Contacto: rocolour@gmail.com | (@rocolour) Rocolour

Esta publicación pódese copiar e reproducir libremente, respectando os créditos e atribucións das imaxes e a autoría da obra a no seu conxunto.

2017